

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Francisco Castro presenta 'Spam' en Carballo

Noite de literatura e música

A Rede Galega de Música ao Vivo programa dous concertos a cuarta feira.

Redacción - 18:46 28/03/2007

[Francisco Castro](#) presenta o mércores á noite a súa obra *Spam* na taberna café O Patacón, de Carballo. O escritor falará do seu libro dentro do proxecto [Literactúa](#), que promove o Servizo de Normalización Lingüística do concello carballés. A parte musical poñerana o baixista [Álvaro Muras](#) e o percusionista Víctor Charly, que ofrecerán un repertorio de funk-fusión instrumental. A cita é a partir das oito e media do serán.

A mesma noite, a [Rede Galega de Música ao Vivo](#) ofrece dúas actuacións. En Compostela, a partir das once menos cuarto, [Renato Spencer & Café Caxaça](#) tocarán na Borriquita de Belém, en Santiago de Compostela. Ás once, [Coda](#) tocará en El Ensanche, en Vigo.

Novas relacionadas

- [Preséntase "Spam", a novela de Francisco Castro sobre o individuo fronte á rede](#)
- [Francisco Castro gaña o Blanco Amor de novela con 'Punto Com'](#)
- [Olga Novo e Francisco Castro gañan o Premio Cartafol](#)